

Eugéne Rouché (Sommières, 1832-1910)



Famoso matemático francés.

Foi profesor de Matemáticas no Conservatorio de Artes e Oficios de París, e examinador da Escola Politécnica.

É coñecido por ser o autor do *Teorema de Rouché*, sobre análise complexa, e coautor do *Teorema de Rouché–Fröbenius*. O teorema establece que, para que un sistema de ecuacións lineais sexa compatible (*i. e.*, teña solución), é condición necesaria e suficiente que a matriz formada polos coeficientes, xunto coa ampliada cos termos independentes, posúan o mesmo rango. Ademais, o sistema compatible será determinado se o seu rango coincide co número de incógnitas, e será indeterminado se o seu rango é menor ca o número de incógnitas. Leva o nome do matemático francés Eugéne Rouché, quen o enunciou, e do matemático alemán F. G. Fröbenius, un dos moitos matemáticos que o demostraron.